

INFORME DE SUSPENSIÓN DE LICENZAS:

Consonte o artigo 77 da LOUGA

Artigo 77. Suspensión de licenzas.

1. Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acorda-la suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a súa formación ou reforma.

O devandito acordo deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

2. O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

Coa finalidade de poder determinar en que ámbitos de solo urbano debe procederse á suspensión de licenzas, será necesario determinar as diferenzas na regulamentación de ámbolos dous documentos, Ordenación Provisional en vigor e PXOM a aprobar inicialmente, sempre baixo o criterio reitor de que a institución da suspensión de licenzas ten como obxecto evitar que se obstaculice a execución das futuras determinacións do novo PXOM, de forma que, cando non se dea esta circunstancia, non procederá a suspensión de licenzas. A estes efectos haberá de terse en conta a posibilidade de autorizar licenzas en edificacións existentes, habida conta do réxime de edificios en situación de fóra de ordenación que establece o novo planeamento. E, a suspensión de licenzas debe afectar unicamente a aquelas obras que, en termos xerais, impliquen unha nova e completa edificación, xa sexa en solos vacantes ou previa demolición da edificación existente.

Polo tanto, as licenzas obxecto da suspensión serán as relativas a parcelación de terreos, reformas, ampliacións, nova edificación de soares vacantes ou para demolición ou baleirado e nova edificación en parcelas ocupadas por edificios existentes, coa excepción dos seguintes ámbitos:

- **SOLO DE NÚCLEO RURAL:** Poderase outorgar licenzas para os proxectos que cumpran simultaneamente coas condicións da disposición transitoria primeira de la LOUGA, do OUP en vigor e do PXOM que se aproba inicialmente.
- **SOLO URBANO:** Poderase outorgar licenzas para os proxectos que, contando con normas zonais similares, cumpran simultaneamente con a Ordenación Urbanística Provisional do Decreto 29/2006 publicado no DOG de 23 de febreiro de 2006 e modificada polo Decreto 193/2008 publicado no DOG do 8 de setembro de 2008 e modificada polo Decreto 53/2012 publicado no DOG do 31 de xaneiro de 2012, e con PXOM aprobado inicialmente así como coa LOUGA. En concreto aplicarase nas seguintes Ordenanzas:

- Ordenanza 1: Urbano residencial en cuarteirón con patio
- Ordenanza 2: Urbano residencial en cuarteirón compacto
- Ordenanza IU-Industrial.

Suspenderanse as Licenzas no resto das seguintes Ordenanzas:

- Ordenanza 3: Urbano residencial de transición de cuarteirón.
- Ordenanza 4: Urbano residencial nos casos de Ríovao, Sada de Arriba e Pazos.
- Ordenanza 5: Urbano residencial do Núcleo de Fontán
- Ordenanza 6: Urbano de baixa densidade.
- Ordenanza 7: Urbano de edificación unifamiliar en ringleira baixo rasante da estrada Sada-Betanzos.
- Ordenanza 8: Urbano especial.

Mesmo no **SOLO URBANO NON CONSOLIDADO**, suspenderanse as Licenzas

- **ÁMBITOS DE PLANEAMENTO SUBSISTENTES:** Poderase outorgar licenzas nos seguintes ámbitos de planeamento subsistente:
 - Plan parcial de ordenación do SAUR-3, na Praia de San Pedro de Veigue, aprobado definitivamente no 14 de xuño de 1996.
 - Plan parcial de ordenación do SAUR-6, en Souto da Igrexa, Meirás, aprobado definitivamente no 1 de xuño de 1995.
 - Plan parcial de ordenación do SAUR-8, en Meirás, aprobado definitivamente no 25 de xaneiro de 2001.
 - Plan parcial de ordenación do SAUR-10, en Fortiñón, aprobado definitivamente no 20 de outubro de 1995.
 - Plan parcial de ordenación do solo industrial na Ferradura, aprobado definitivamente no 22 de outubro de 1992.
 - Plan parcial de ordenación da actuación industrial en Espírito Santo, nos municipios de Sada e Cambre, aprobado definitivamente no 7 de outubro de 1992.
 - Proxecto sectorial ASPACE
- **ELEMENTOS CATALOGADOS:** Poderase outorgar licenzas para os proxectos que se autoricen simultaneamente polo OUP vixente e polo aprobado inicialmente, segundo o nivel de catalogación que corresponda.
- **EQUIPAMENTOS:** Poderase outorgar licenzas para os proxectos que cumpran simultaneamente coas condicións da Ordenación Provisional vixente e o PXOM que se aprobe inicialmente.
- **PORTO SADA-FONTÁN:** O ámbito do porto non está afectado pola presente suspensión de licenzas.

Todas estas excepcións quedan reflectidas no plano **ÁMBITOS DE SUSPENSIÓN DE LICENZAS**.